

Estudo sobre o impacto laboral da actual crise por Covid-19 nas persoas tituladas da UVigo

AVANZO DOS RESULTADOS

Xullo de 2020

Observatorio de Persoas Tituladas

Universidade de Vigo



Consello Social

Edita: Consello Social – Universidade de Vigo

Dirección

Luis Espada Recarey
Profesor Emérito

Análise de datos

Víctor Manuel Martínez Cacharrón
Enxeñeiro Industrial

Observatorio de Persoas Tituladas da UVigo

Campus Universitario das Lagoas-Marcosende
Edificio Fundación
36310 Vigo
Tlf: 986 812 192
Correo-e: observatorio.egresados@uvigo.es
Páxina web: <http://observatorio.egresados.webs.uvigo.es/>

Este documento é propiedade do Consello Social da Universidade de Vigo.

Está permitida a reprodución total ou parcial do documento sempre que citar o seu título e ao Consello Social como editora.

	Páx.
Introdución	2
Resultados da Enquisa de impacto laboral da actual crise por Covid-19 nas persoas tituladas da UVigo	3
1. Datos persoais e académicos	3
1.1 Datos persoais	3
1.2 Datos académicos	3
2. Situación socio-laboral previa á actual crise por Covid-19	4
2.1 Persoas que traballaban antes da crise	4
2.2 Persoas que non traballaban antes da crise	4
2.3 Taxa de ocupación	4
3. Características do emprego	4
3.1 Lugar de traballo	4
3.2 Modalidade de contratación	5
3.3 Tipoloxía de contrato	5
3.4 Rama de actividade	5
3.5 Sector económico	5
3.6 Categoría profesional	5
3.7 Área funcional de traballo/departamento	5
3.8 Tamaño da empresa	5
4. Impacto sanitario da crise por Covid-19 no ámbito laboral	6
5. Impacto social da crise por Covid-19 no ámbito laboral	6
5.1 Situación actual	6
5.2 Taxa de ocupación	6
5.3 Taxa de desemprego	7
6. O impacto da crise por Covid-19 no modo de traballo	7
6.1 Experiencia de teletraballo previa	7
6.2 Medidas tomadas polas empresas para combater a Covid-19	7
7. Percepción sobre o impacto da Covid-19 no emprego e na economía	8
7.1 Impacto no emprego	8
7.2 Impacto na economía	8

Introdución

Complementando a serie de estudos de inserción laboral do antigo alumnado da UVigo, o Observatorio de Persoas Tituladas, co apoio do Consello Social, presenta o avance dos resultados do *Estudo sobre o impacto laboral da actual crise por Covid-19 nas persoas tituladas da UVigo*, onde se recollen os resultados globais da enquisa autoaplicada aos antigos estudantes das promocións comprendidas entre 1990 e 2020.

Desde a súa creación en 2016 polo Consello Social da Universidade de Vigo, o Observatorio de Persoas Tituladas está a desenvolver actividades destinadas a consolidar os vínculos cos antigos estudantes da UVigo a partir do estudo das súas traxectorias profesionais, entre as cales se atopa a realización dun seguimento periódico da poboación titulada, concretada através dos seus estudos de inserción laboral. Na serie de estudos realizados son analizadas as valoracións do antigo alumnado, proporcionando informacións da percepción que teñen sobre a súa experiencia académica adquirida e da súa situación profesional actual.

Neste avance preséntase un resumo dos principais resultados alcanzados na Enquisa de Impacto Laboral da actual crise por Covid-19 a persoas tituladas de todas as promocións.

A poboación obxecto de estudo está centrada na poboación universitaria titulada en titulacións de 1º (diplomaturas e enxeñarías técnicas) e 2º ciclo (licenciaturas e enxeñarías superiores), graos, mestrados universitarios e títulos propios, de todas as promocións e independentemente do lugar en que se encontren residindo ou traballando.

Por promocións, a poboación obxecto de estudo está constituída polos titulados/as da Universidade de Vigo desde a súa creación, no curso académico 1989/90, até o momento actual (curso 2019/20), abranxendo desde as máis antigas até as máis recentes, que acaban de completar os seus estudos no momento da realización da enquisa.

A mostra obtida foi de 3217 persoas tituladas. Para un nivel de confianza de 95%, e $p=q$, o erro real é de $\pm 1,69\%$ para o conxunto da mostra e no suposto de mostraxe aleatoria simples.

A captación de datos realizouse a través dun formulario *on line* aloxado na Web do Observatorio. O cuestionario foi enviado por correo electrónico ás persoas tituladas rexistradas na Base de Datos do Observatorio. O traballo de campo desenvolveuse entre os días 25 de maio e 8 de xullo de 2020.

Resultados da Enquisa de impacto laboral da actual crise por Covid-19 nas persoas tituladas da UVigo

A seguir son presentados os principais resultados obtidos no Estudo que acaba de ser realizado:

1. Datos persoais e académicos

1.1 Datos persoais

Xénero: A porcentaxe de mulleres tituladas que participaron no estudo (59,7%) supera á de homes (40,3%).

Lugar de residencia: A maioría de persoas tituladas (77,6%) residen en Galicia, contra os que o fan noutra Comunidade Autónoma (12,9%) e no resto do mundo¹ (9,4%). A taxa de emigración² masculina (25,5%) supera á feminina (20,2%).

Residentes en Galicia:

- Provincias: Predominan os residentes en Pontevedra (64,9%), seguidos por Ourense (16,8%) e A Coruña (15,0%) e, a máis distancia, Lugo (3,4%).

Residentes noutras Comunidades Autónomas de España:

- Comunidades Autónomas: Destacan a Comunidade de Madrid (44,2%) e Cataluña (18,6%), seguidas por Andalucía (6,5%) e Castela e León (6,0%).

Estranxeiro:

- Países: Os países con máis titulados/as son o Reino Unido (17,4%), Alemaña (15,8%) e Portugal (10,2%). A máis distancia están os Estados Unidos da América (5,9%), Francia (5,3%) e Suíza (4,9%).

1.2 Datos académicos

Ámbitos académicos: Predominan as persoas tituladas da rama³ Xurídico-Social (44,7%), seguidas pola Tecnolóxica (27,7%), Científica (11,2%), Artes e Humanidades (10,7%) e das Ciencias da Saúde (4,7%).

Campus: A maioría das persoas tituladas realizaron os seus estudos no Campus de Vigo (64,0%) contra o de Ourense (20,5%) e Pontevedra (15,5%).

Tipoloxía de titulación: Dos titulados/as que responderon a enquisa, o 46,4% realizou unha titulación de ciclo longo, 31,1% de ciclo curto, o 9,8% de grao, 6,9% de mestrado universitario e un 5,4% de doutoramento.

Promoción: Por quinquenios, o 6,8% da mostra obtida obtivo o seu título entre 1990-95, 15,4% entre 1996-2000, 21,9% entre 2001-05, 24,1% entre 2006-10, 26,3% entre 2011-15 e 5,5% entre 2016-2020.

¹ En 43 países dos cinco continentes.

² Persoas tituladas residentes fóra de Galicia.

³ O 1,0% restante son titulados/as do ámbito Multidisciplinar.

2. Situación socio-laboral previa á actual crise por Covid-19

2.1 Persoas que traballaban antes da crise

A situación maioritaria entre as persoas que estaban traballando antes do inicio da actual crise por Covid-19 é a de empregado por conta allea na empresa privada (56,3%). Por xéneros é estatisticamente significativa a maior porcentaxe de homes (62,5%) que de mulleres nesta situación (52,1%).

A seguir áchanse as persoas que traballan para a administración pública (26,5%), sendo superior a proporción feminina (29,7%) que a masculina (21,6%).

O traballo autónomo ocupa o 6,6% das persoas tituladas, sen grandes diferenzas entre homes (6,1%) e mulleres (6,9%).

Finalmente, a proporción de empresarios/as ou titulares dunha empresa é do 1,9%, sendo estatisticamente significativa a maior porcentaxe de homes (3,4%) que de mulleres (0,9%).

2.2 Persoas que non traballaban antes da crise

A situación predominante entre as persoas que non traballaban era a de desempregado/a, procurando emprego (4,7%), sendo superior a proporción de mulleres (5,3%) que de homes (3,9%).

Do total de persoas tituladas que responderon a enquisa, sómente un 1,6% estaban a preparar oposicións, triplicando a proporción de mulleres (2,3%) á de homes (0,7%).

Un 1,0% das persoas inquiridas encontrábase a cursar estudos universitarios⁴, sen diferenzas estatisticamente significativas por xéneros.

O coidado familiar, actividade realizada unicamente por mulleres, abarca o 0,6% das persoas inquiridas.

A baixa laboral afecta ao 0,5% das persoas tituladas, sendo superior nas mulleres (0,6%) que nos homes (0,2%).

Finalmente, os xubilados/pensionistas, representan o 0,4% das persoas que participaron neste estudo.

2.3 Taxa de ocupación

A proporción de persoas que traballaba antes do inicio da actual crise por Covid-19⁵ é do 92,2%.

Xénero: É significativa a maior proporción de homes (94,5% contra o 90,6% de mulleres).

Lugar de residencia: Aínda que a taxa de ocupación en Galicia (91,7%) é levemente inferior, non existen diferenzas estatisticamente significativas segundo o lugar de residencia (93,% no estranxeiro e 93,7% noutra Comunidade Autónoma).

3. Características do emprego

3.1 Lugar de traballo

Tres cuartas partes traballa en Galicia, seguido por outra Comunidade Autónoma (14,3%) no resto do mundo⁶ (10,7%). A proporción de mulleres que traballa no estranxeiro (22,1%) é inferior á de homes (29,1%).

Galicia:

- A maioría traballa en Pontevedra (64,1%), seguido pola Coruña (16,7%) e Ourense (16,0%). En Lugo tan só traballa o 3,1% das persoas inquiridas.

⁴ A maioría de persoas tituladas da UVigo que continúan a súa formación universitaria (62,5%) están a realizar estudos de doutoramento, un 28,1% son estudantes de mestrado e o 9,4% de grao.

⁵ Data referencia: marzo de 2020.

⁶ En 46 países dos cinco continentes.

Outras Comunidades Autónomas:

- Destacan a Comunidade de Madrid (46,2%) e Cataluña (20,5%), seguidas por Castela e León (5,2%), Andalucía (4,8%) e País Basco (4,3%).

Resto do mundo:

- Países: Destacan o Reino Unido (17,2%), Alemaña (14%) e Portugal (11,8%), seguidos por Estados Unidos da América (6,7%), Francia e Suíza (5,1% ambos).

3.2 Modalidade de contratación

Antes do inicio da actual crise por Covid-19, a maioría (90,7%) traballaba por conta allea⁷ contra o 9,3% que o facía por conta propia⁸.

3.3 Tipoloxía de contrato

Entre as persoas tituladas que traballan por conta allea son maioritarios os contratos indefinidos (76,9%), seguido polos temporais/eventuais (15,6%). No 7,4% restante destacan os contratos por obra/servizo (5,5%), os bolseiros/as (1,4%) e, a máis distancia, os titulados/as en practicas (0,4%). Con todo, seguen a existir titulados a traballar sen contrato (0,1%).

Xénero: Son estatisticamente significativas as diferenzas nas porcentaxes de contratos indefinidos (82,0% de homes contra 73,3% de mulleres), que se traducen na maior presenza feminina tanto de contratos temporais (18,5% contra o 11,7% de homes) e de bolseiras (2,0% contra o 0,6% de homes). No resto de categorías (contrato en prácticas, por obra/servizo e sen contrato) é moi similar entre mulleres e homes.

3.4 Rama de actividade

A maioría traballa na empresa privada (64%), seguido polo ámbito público (30,8%) e entidades non lucrativas (5,2%).

3.5 Sector económico

Dos 35 sectores avaliados destacan o ensino/docencia (19%), seguido polos servizos da administración pública (7,9%), sanitario/saúde (5,8%), automoción (6,1%), investigación (5,4%) e consultoría (5,0%).

3.6 Categoría profesional

A maioría traballaba como técnicos/as cualificados/as (61,8%), mandos intermedios (20,6%), directivos/as (11,9%) e empregados/as sen cualificación (5,7%).

3.7 Área funcional de traballo/departamento

Das 17 áreas avaliadas, destacan a formación e ensino (16,0%), administración e finanzas (12,0%), servizos (9,4%), I+D+i (8,3%), enxeñaría e construción (7,8%), informática e tecnoloxía (7,3%) e sen áreas diferenciadas na empresa (7,1%).

3.8 Tamaño da empresa

Case a metade dos titulados/as (46%) traballan en empresas con 250 ou máis empregados (33,9% con 1000 empregados ou máis e 12,1% de 250 a 1000 empregados). A outra metade divídese entre empresas de 50-249 empregados (19,1%), de 10 a 49 empregados (18,3%) e de 2 a 9 empregados (12,0%). En menor medida (4,6%) están as empresas cun máximo dun empregado (4,6%).

⁷ Empregados na empresa privada (61,7%) e empregados na administración pública (29,0%).

⁸ Traballadores autónomos (7,2%) e empresarios/s (2,1%).

4. Impacto sanitario da crise por Covid-19 no ámbito laboral

Un 34,3% das persoas inquiridas referiu a existencia dalgún caso de contaxio por Covid-19 no seu entorno de traballo

Lugar de traballo: O impacto sanitario foi superior en España (58%) e no estranxeiro (44,8%) que en Galicia (28,4%).

Galicia:

- Provincias: O impacto foi maior na provincia de Ourense (33,4%), seguido polas provincias da Coruña (28,1%) e Pontevedra (28%) e, a máis distancia, Lugo (13,4%).

Outras Comunidades Autónomas:

- As máis afectadas foron Madrid (72,6%), Castela-A Mancha (71,4%), Castela e León (65%), Comunidade Valenciana (57,1%), Cantabria (50%), Cataluña (48,8%) e Navarra (42,9%).

Resto do mundo:

- Referiron contaxios a totalidade das persoas que traballan en Andorra, Cabo Verde, Chequia, Finlandia, Lituania, Luxemburgo, Tailandia e Turquía, seguidos, polos que traballan en Bélxica (85,7%), Perú e Polonia (75% ambos), Suíza (73,3%), Italia (66,7%), Estados Unidos da América (61,9%) e Reino Unido (51,9%).

Rama económica: A maior incidencia deuse no ámbito público (43,7%), seguido polas entidades non lucrativas (32,1%) e na empresa privada (30,1%).

Sector económico: Os máis afectados foron o sanitario (70,8%), banca e seguros (57,1%), aeroespacial (53,8%), telecomunicacións (47,2%), administración pública (45,8%), defensa e seguridade (43,4%), industria química, plástico, vidro e envases (43,3%), venda atacadista (42,9%) e madeira (40%).

Tamaño da empresa: A incidencia sanitaria no ámbito laboral foi máis alta nas empresas maiores (57,1% con 1000 ou máis empregados), contra o 5,2% nas empresas entre 1-10 traballadores.

5. Impacto social da crise por Covid-19 no ámbito laboral

5.1 Situación actual

No momento de responder a enquisa a inmensa maioría (85,9%) segue no mesmo emprego/actividade que tiña antes do inicio da actual crise por Covid-19. Un 5,0% perdeu o traballo que tiña durante esta crise, o 4,3% xa estaba desempregado antes desta crise, un 3% segue na mesma situación anterior (estudante, xubilado/pensionista, prepara oposicións,...), un 1,2% mudou de emprego e o 0,6% encontrou emprego no período avaliado⁹.

5.2 Taxa de ocupación

En consecuencia dos efectos económicos da crise orixinada pola Covid-19, a ocupación experimentou unha diminución do 4,88%, pasando dunha taxa de actividade do 92,2% no momento anterior á crise (marzo de 2020) a un 87,7% no momento de responder a enquisa (xuño de 2020).

Tipoloxía de titulación: As maiores perdas de ocupación rexístranse entre os titulados en títulos propios (24,9%), graos (10,6%), mestrados universitarios (7,2%), diplomaturas (6,1%) contra enxeñaría superiores (1,4%), licenciaturas (3,7%) e enxeñarías técnicas (5,2%).

Lugar de traballo: A caída rexistrada entre os que traballan en Galicia (5,5%) supera á producida no estranxeiro (2,6%) e noutra Comunidade Autónoma (3,3%).

⁹ Entre marzo e maio de 2020.

5.3 Taxa de desemprego

A crise xerada pola Covid-19 provocou un aumento da taxa de desemprego do 97,87%, pasando dun 4,7% en marzo de 2020 a un 9,3% en xuño de 2020.

- Causas do desemprego¹⁰ : As principais causas referidas polos que perderon o sen emprego foron a finalización de contrato (46,2%), seguida pola suspensión da actividade profesional (33%) e os despedimentos (8,8%).
- Recuperación do emprego: A metade (51,6%) espera recuperar o emprego perdido durante esta fase da crise.
- Percepción de axudas por suspensión de actividade/peche de negocio: Máis da metade das persoas afectadas por esta situación (53,3%) recibiu algunha axuda pública destinada a este colectivo.
- Procura de emprego durante o confinamento: A maioría (79,4%) das persoas desempregadas procuraron emprego durante o período de confinamento ou no momento de responder a enquisa, o que deixa un 20,6% que non o fixeron nese tempo.

6. Impacto da crise por Covid-19 no modo de traballo

A porcentaxe de persoas tituladas empregadas que traballan no seu lugar habitual (ben con “normalidade” ou con “horarios especiais”) ascende ao 34,1%, ficando 20 puntos abaixo dos que teletraballan ou fan traballo remoto (54,0%). Non existen diferenzas estatisticamente significativas entre a proporción de homes (54,8%) e mulleres (53,3%) que traballan desde casa. A combinación de traballo remoto e outra modalidade (traballo presencial e/ou ERTE parcial) incumbe o 2,6% das persoas tituladas.

As persoas inquiridas que afirman estaren incluídas en ERTE representan o 5,7% de todos os empregados/as. Como demostraron outros estudos demoscópicos sobre este asunto, esta situación afecta en particular aos que carecen de estudos universitarios.

Os empregados que atravesaron a crise en casa sen desempeñar unha actividade laboral, por estaren de baixa (1,6%), de vacacións (0,2%), en casa sen teletraballar (0,7%) ou porque suspenderon a súa actividade económica (1,3%), alcanza o 3,8%.

En definitiva, entre os inquiridos que traballan, o grupo maioritario (54,0%) está formado polos que o fan desde casa (teletraballo), seguido polos que traballan no seu lugar habitual (34,1%). Un 5,7% está en ERTE e o 3,8% permaneceu en casa sen desempeñar unha actividade laboral.

Por xéneros é estatisticamente significativa a maior proporción de mulleres que permaneceron en casa sen desempeñar unha actividade laboral (5,0% contra 2,5% de homes).

6.1 Experiencia de teletraballo previa

Antes da emerxencia desta crise, a maioría de persoas tituladas (60,8%) carecía de experiencia previa na realización do teletraballo ou traballo remoto. No entanto, por xéneros existen diferenzas estatisticamente significativas, sendo superior a experiencia previa de homes (49,9%) que de mulleres (31,1%).

6.2 Medidas tomadas polas empresas para combater a Covid-19

Directivos e mandos intermedios que participaron na enquisa foron inquiridos sobre as medidas que tiveron que adoptar para encarar a Covid-19 no seo das organizacións en que traballan.

Entre as medidas adoptadas destacan a aplicación do teletraballo/traballo remoto (82,6%), seguida pola restrición de viaxes e reunións presenciais (56,7%), intensificar a seguridade e hixiene (55,7%), flexibilidade de horarios e quendas do persoal (50,4%) e medidas formativas e informativas (48,2%).

¹⁰ Persoas tituladas que perderon o emprego durante a fase inicial da actual crise.

A máis distancia, a aplicación de confinamentos preventivos a empregados afectados (28%) e aplicar ERTes (27,6%).

En menor proporción, destacan a procura de provedores alternativos (6,9%), reforzo/contratación de persoal (5,8%), procurar clientes alternativos (5,6%), desvío da produción a outro lugar (1,5%) e suspensión da actividade (1,1%).

Responsabilidade na toma de medidas: A responsabilidade de mandos intermedios e directivos recaeu na súa implantación (34,1%) e deseño e planificación (31,5%). Un 34,4% referiu non ter ningunha responsabilidade.

7. Percepción sobre impacto da Covid-19 no emprego e a economía

7.1 Impacto no emprego

- O maior temor entre as persoas tituladas é que a pandemia provoque unha perda do seu poder adquisitivo: o 25,3% a que os seus salarios se reduzan de forma transitoria¹¹ e un 14,2% de forma estábel¹².
- O temor a que a empresa/organización en que traballan teña que pechar é maior no curto prazo (7,0%) que no longo (3,4%).
- O temor a perder o emprego é levemente superior mentres dure a crise (6,5%) a que se produza de forma permanente (6,1%).

7.2 Impacto na economía

- A maioría das persoas inquiridas (56,1%) acha que o impacto na economía desta crise será negativo e duradeiro, un 40,1% acha que será pasaxeiro contra un 3,9% que considera que terá pouco impacto.
- Sobre a posibilidade de que unha crise como a experimentada entre marzo e maio por causa da Covid-19 se repita nun prazo breve de tempo, a opinión da maioría das persoas inquiridas (63,8%) é que nos próximos tres anos voltemos a sufrir unha crise como esta, mentres que o 23,0% ten dúbidas sobre isto. Esta percepción áchase algo máis estendida entre as mulleres (65,0%) que entre os homes (62,1%).
- Perante a posibilidade dunha reprodución da crise por Covid-19, unha maioría (59,2%) confía que o país en que vive estará mellor preparado para afrontala contra o 28,8% que son da opinión contraria.
- Aínda que unha maioría do 72,4% dos inquiridos/a afirma que a situación económica do seu fogar non se viu alterada, un 24,5% declara que empeorou, proporción que é significativamente máis alta entre as mulleres (27,3%) que entre os homes (20,4%).
- A maioría de persoas inquiridas (66,7%) acha que a situación económica do seu fogar non vai mellorar nos próximos meses.

¹¹ Temor a unha redución salarial durante o tempo que dure a crise.

¹² Temor a unha redución salarial permanente.